




# V RUTA CULTURAL POR TERRAS DE...A CORUÑA

**DOMINGO, 20 DE MAIO DE 2018**

**Saída ás 9:30 horas**

**(Inscripcións: ata mércores, 16 de maio)**



Por quinto ano consecutivo, e segundo o acordado na última Asemblea Xeral, o Instituto de Estudos Chairegos organiza a **V Ruta Cultural**, prevista para o domingo, **20 de maio de 2018**, á cidade de A CORUÑA, onde se levará a cabo un PROGRAMA dividido en dúas sesións, matutina e vespertina.

Nesta ocasión, temos a sorte de poder contar coa compañía e coas explicacións do arqueólogo **Felipe Senén**.

## PROGRAMA

A **saída** de Vilalba, dende a casa da Cultura, producirase ás **9:30 horas**.

Unha vez na Coruña, entre outras posibilidades, visitaremos o **Museo de Belas Artes**, na Rúa Zalaeta.

*O Museo de Belas Artes da Coruña é un lugar con vitalidade, onde se produce o encontro cidadán. Onde, dun xeito lúdico, trátase de facilitar o diálogo entre as belas artes e as outras disciplinas artísticas. Onde se procura fomentar o desenvolvemento dun lecer proveitoso e responsable. Por todo isto, a realización de actividades é un dos principais obxectivos que impulsan e dan sentido ao museo: visitas para escolas, obradoiros de gravado, cursos de arte e de museos, concertos, visitas guiadas, cine, actividades para familias, contacontos, conferencias, xornadas divulgativas e científicas, teatro, obradoiros de verán e outras actividades que converten o museo nun centro vivo de difusión e produción cultural.*

Realizaremos tamén percorrido polas principais rúas da **Cidade Vella**.

A **Cidade Vella** da **Coruña** correspóndese co primitivo asentamento urbano e está declarada **Monumento histórico-artístico**. No seu interior están a

*maior parte dos edificios históricos, e as súas rúas conservan aínda o seu antigo trazado, así como un gran número de casas de porte antigo. Foi declarada conxunto histórico-artístico polo decreto 29/1984 do 29 de maio e o proceso de peonalización comezou en agosto de 2014.*

Daremos un paseo polo **Monte de San Pedro**, e contemplaremos as fermosas vistas que dende alí se divisan.

*O Monte de San Pedro é un lugar da parroquia de Visma no concello da Coruña. Dende 1933<sup>[2]</sup> albergou unha batería de costa do exército, pero tralo abandono da mesma en 1996, o lugar foi convertido nun parque, aínda que se conservaron moitos elementos da antiga instalación militar, coma os canóns, algúns deles antiaéreos.*

Entre as dúas sesións, terá lugar a comida no Restaurante **"A PENEIRA"** (Av. Calvo Sotelo, 18, 15004 La Coruña-**Teléfono:** 981 26 07 12).

A cuota que haberá que pagar será de **25 €** por adulto (os nenos, **5 €**) que inclúe a comida e o autobús.

Os/as interesados/as poden apuntarse ata o mércores, **16 de maio** –como data tope improrrogable- ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do IESCHA, [estudoschairesgos@gmail.com](mailto:estudoschairesgos@gmail.com), ou ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva. (Algúns teléfonos: 686-451501/651-361628).